

O pasado día 3 de febreiro sábado, o IES Poeta Añón foi representado pola alumna Mónica Caamaño Lago de 3º de ESO no Cross provincial de Culleredo.

As condicións da proba foron bastante duras por mor da lama e a choiva. Aínda así Mónica fixo todo o que puido e máis, malia caer xusto na saída da proba e por segunda vez noutra parte do percorrido.

Cómpre comentar que moitas das atletas tiñan cravos nas zapatillas para se agarrar mellor ao terreo, namentres Mónica loitaba moitas veces por se manter en pé.

Parabéns a Mónica polo seu espírito deportivo, xa que á tardiña dese mesmo sábado debía desputar un torneo de Taek-wondo na Coruña. Mónica é todo un exemplo para todos nós.

Nervios denantes de saír? Seica fixo boas migas coa corredora gañadora que foi a rapaza dos lentes



Ninguén dixo que ía ser fácil!



Boa chegada de Mónica! Por fin a meta despois de 2500 durísimos metros!

